

O FUTURO

Preguntades constantemente que faremos despois. Pero nós non sabemos responder con palabras. Non sabemos].

É coma cando todas as árbores dun bosque se inclinan ao mesmo tempo para indicar a dirección do vento. O seu boureo. A desorde].

Poderíamos chamarlle futuro á diferenza entre o que intentamos ser e o que somos, entre o que cremos ser e o que verdadeiramente somos].

Unha fórmula próxima á da decepción.

Pero nós eliximos a imaxe chorosa dunha virxe.

Escollemos unha estampa para poder rompela ou deixala esquecida dentro dun libro durante anos].

Alí, lonxe da vista. Onde non vos moleste nunca máis a nosa feliz indecisión.

TRES VACAS

Mentres les, concéntrome no tacto da túa chaqueta.

E penso no pelo mollado das vacas cando chove, se ninguén as recolle.

Unha paciencia triste. Mesta.

As vacas, que non dubidan que as virán recadar. Os seus ollos tranquilos.

Debuxo a túa postura, tan parecida á dos paxaros cando secan as ás molladas.

Ese movemento pequeno que avanza e dubida cada vez que os teus ombros se adiantan ao teu corpo].

Cada vez que descubro o que protexes e te atravesas.

Tremes.

Estamos sós e quietos. Escribo sobre ti.

Fóra as vacas confían no amor.

UN SUSPIRO

Durante a viaxe en coche cruzamos unha ponte.

Ás beiras da estrada hai animais que cantan. Algúns discuten, outros reproducense].

Son animais comúns: lebres, coellos, raposos, donicelas.

Evitarei citar aquí os nomes dos paxaros, os nomes dos insectos, o tremor da herba. Non quero que te distraian].

De súpeto, comezo a pensar que pasaría se o coche esvarase. Se caésemos ponte abaixo e nos afundísemos no mar ou no río].

O pensamento chega como a chuvia ao final dun túnel.

A teoría está clara. Ou parece clara. A teoría é como a sombra das follas: difícil de debuxar].

Ti, coas túas pernas longas e as costas fortes, nadarías ata a superficie.

Mentres, eu choraría no interior do coche. Completamente seco. Cada vez máis fondo].

Durante a viaxe ti conduces e eu suspiro.

Non espertamos a compaixón dos animais comúns. Ningún corzo atravesa a estrada].

REPARACIÓN

Na casa de en fronte o home serra, martela.

Cada poucas semanas inicia unha obra nova sen sabermos se rematou a anterior].

Ningún veciño atende. Salvo eu, esta mañá.

Sento no escritorio e intento contar a historia dos meus nervios.

Fixo unha data concreta e despois serro, martelo. Espanto paxaros.

Os meus nervios son homes que entran e saen.

Escribo unha parábola sobre a traizón do mundo contra o mundo.

Un só home que entra e sae. Unha vez.

Esperto cedo e non recibo visitas.

Na casa de en fronte o veciño comeza a traballar antes ca min.

Ningún dos dous sabe da tarefa do outro: os avances, a duración.

O traballo é un misterio. Fixo unha data concreta dende a que empezar. Continúo].

O poema de amor sobrevive ao amor.

Preto de aquí, un home adulto chora na ducha durante dous, tres minutos.

Despois le algo que o reconforta.

SETEMBRO, MADRUGADA

As casas de verán son infancias baleiras. Isto contoumo Pepe.
A moza de Iván durmía dentro un sono lixeiro.
Esa noite, na terraza fronte ao monte Louro, na boca do océano, os amigos falamos dos deuses e da tecnoloxía].
Todo aquilo que escapa de
nós e inventamos.
Eu lembrei aquela tarde na praia do Pindo, aqueles rapaces morenos e louros de dentes infinitos].
Lembreime cos zapatos cheos de area e o centro dos ollos máis verde ca nunca].
Quería explicaros o paso do tempo. Esa alucinación.
Alguén falou entón do aburrido que sería todo a partir de agora.
Rematar a universidade. Regresar.
Comprendemos a palabra éxodo, o seu inicio infinito.
Comprendemos tamén que avanzar é seguir cavando ata quedar sen unllas.
Os deuses inventaron a medida, pero nós inventamos os deuses.
Quedamos sós.
Agora que comeza setembro, refuxiámonos en vilas pequenas con colexios católicos].
O relevo da cruz sobre o ceo en Aldán ou na Pena do Ouro, podería ser Irlanda.
Alguén dixo: aquí o alcoholismo nin sequera é unha opción.
E mentres o dicía, estabamos bebendo na terraza dun piso baleiro.
As nosas voces abríndose á noite. Silencio.

Ningún neno.

Ismael Ramos, *Lixeiro*, Xerais, Vigo, 2021.